

# XIX CONCURSO DE DEBUXO

## “SANXENXO NO NADAL”

### **BASES**

- 1.- Poderán participar tódolos rapaces/as de educación infantil e primaria dos centros de ensino do Concello de Sanxenxo.
- 2.- Os traballos que se presenten terán que ser orixinais e inéditos. Presentaranse en tamaño DIN A4 con técnica libre.
- 3.- Os traballos non poderán levar ningún material adicional (la, algodón, pasta, follas de árbores, etc...).
- 4.- Serán excluídos aqueles debuxos que presenten a técnica do calco.
- 5.- Temática do debuxo **“SANXENXO NO NADAL”**.
- 6.- Os debuxos deberán presentarse cos datos do autor no dorso do debuxo. Estes datos serán: Nome e apelidos, idade e centro de ensino ó que pertence.
- 7.- Establécense as seguintes categorías:
  - Educación infantil
  - 1º e 2º curso de Educación Primaria
  - 3º e 4º curso de Educación Primaria
  - 5º e 6º curso de Educación Primaria
- 8.- Premiaranse o primeiro, segundo e terceiro traballo elixidos de cada categoría.
- 9.- Os premios desde concurso consisten nun lote de material escolar. Ademais, todos os premiados e finalistas estarán convidados a participar na Cabalgata de Reis organizada polo concello, que terá lugar o día 5 de xaneiro.
- 10.- O Xurado cualificador será nomeado pola Concelleira de Educación, Cultura e Xuventude, e estará integrado por: técnicos municipais e representantes de asociacións culturais do Concello. O seu fallo será inapelable.
- 11.- O prazo improrrogable da presentación **rematará o 10 de decembro do 2018 ás 10,00 horas**. A entrega farase no mesmo centro de ensino e un responsable municipal recollerá os traballos ese día pola mañá.
- 12.- Os traballos pasarán a ser propiedade do O.A. Terra de Sanxenxo, podendo ser utilizados na forma e fins que estime oportuno.
- 13.- Cos traballos presentados, farase unha exposición virtual na web municipal [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es) . Ademais, os traballos gañadores e finalistas estarán expostos ao público dende o 17 de decembro ata o 6 de xaneiro do 2019 nas instalacións do Pazo Emilia Pardo Bazán.